



### ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

**Mesa de Contratación.** Constitúese a Mesa de Contratación integrada polas seguintes persoas:

Francisco Cacharro Gosende (presidente)  
Luis Tros de Ilarduya Guerendiain (vogal Intervención)  
Juan Ramón Costas Núñez (vogal Asesoría xurídica)  
José Javier Rivera Martínez (secretario)

Previa convocatoria ao efecto, constitúese a Mesa de contratación ás 09:00 horas do 09/11/2022, nas dependencias do Servizo de Contratación, para tratar, entre outros, os seguintes asuntos da ORDE DO DÍA:

1. Exame da documentación correspondente ao depósito da garantía definitiva e da xustificación dos requisitos previos para contratar e, no seu caso, proposta de adxudicación, correspondente ás seguintes licitacións:

— CONTRATACION MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO E TRÁMITE ORDINARIO DO SERVIZO DE MANTEMENTO DO CENTRO DE PROCESO DE DATOS DO CONCELLO DE OURENSE (expediente nº 2022015218).

2. Rogos e preguntas

3. Aprobación da acta da sesión

#### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP)

#### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** O Concelleiro delegado de contratación, mediante Decreto núm. 2022009423, de 07/10/2022, resolveu:

“Primeiro.- Aceptar a xustificación sobre a oferta anormalmente baixa presentada pola empresa SMG Iberia SL no lote 4.

Segundo.- Avaliar e clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación e os criterios de desempate previstos non prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento do centro de proceso de datos do Concello de Ourense (expediente nº 2022015218) na seguinte orde decrecente:

**LOTES 1 E 2**





Nº	EMPRESA	TOTAL
1	Termocalor Vigo SL	95,75

LOTE 3		
Nº	EMPRESA	TOTAL
1	Econocom Servicios SA	97,50

LOTE 4		
Nº	EMPRESA	TOTAL
1	SMG Iberia SL	100,00
2	Termocalor Vigo SL	33,07

Terceiro.- Requirit ás empresas que quedaron en primeiro lugar en cada un dos lotes para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o día seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a documentación acreditativa de ter depositado na Tesourería municipal a garantía definitiva, por importe de 5% do prezo ofertado, IVE excluído (Lote 1= 425,04 €; Lote 2= 550,62 €; Lote 3= 180,00 €; Lote 4= 79,60 €) en calquera das formas previstas no artigo 108 da Lei 9/2017, de contratos do sector público (LCSP), e para que en idéntico prazo achegue a documentación que establece o artigo 15 do prego de cláusulas administrativas particulares, acreditativa do cumprimento dos requisitos previos aos que alude o artigo 140 da LCSP”.

**Segundo.-** Efectuada notificación persoal ás empresas interesadas dos referidos acordos, teñen achegado a documentación requirida dentro do prazo conferido.

**Terceiro.-** Incorporáronse ao expediente, de oficio, certificados positivos acreditativos da inexistencia de débedas de carácter tributario co Concello de Ourense das empresas.

**Cuarto.-** Comprobose que consta incorporada ao expediente toda a documentación requirida de oficio e esixida aos contratistas consonte ao PCAP.

No caso da empresa Termocalor Vigo SL non acredita a solvencia técnica esixida:

Segundo o artigo 9 do PCAP requiríase ter implantados sistemas de xestión da calidade e de xestión medioambiental conformes coas normas ISO-9001 e ISO-14001 ou equivalentes.

O documento achegado por Termocalor Vigo SL denominado “Certificado de proceso de implantación de norma UNE-EN-ISO 14001” emitido pola empresa Suma 4, SL na data 06/07/2022, certifica a realización de traballos de consultoría “con el objetivo de implantar y certificar por entidad acreditada el sistema de gestión medioambiental conforme norma UNE-EN-ISO 14001:2015”.

O artigo 140.4 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, dispón que as circunstancias relativas á capacidade, solvencia e ausencia de prohibicións de contratar ás que se refiren os apartados anteriores, deberán concorrer na data final de presentación de ofertas e subsistir no momento de perfección do contrato.

Tendo en conta que a data final do prazo de presentación de ofertas concluía o 11/07/2022, considérase acreditado que a empresa Termocalor Vigo SL non contaba cun sistema de xestión medioambiental conforme á norma UNE-EN-ISO 14001 á data final de presentación das ofertas, circunstancia que se considera que non resulta emendable, polo que procede a exclusión do licitador Termocalor Vigo SL.





## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adjudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adjudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adjudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación.

No caso dos lotes 1 e 2 procede declarar deserta a licitación dado que non existe ningunha oferta admisible, de conformidade co disposto no Artigo 150.3 segundo parágrafo da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector publico que establece:

No caso do lote 3 Econocom Servicios SA foi a única empresa que presentou unha oferta válida.

No caso do lote 4, SMG Iberia SL, sería a única oferta admisible, unha vez excluída a empresa Termocalor Vigo SL.

Terceiro.- A competencia para adjudicar o contrato correspóndelle ao Concelleiro da Área de Contratación de conformidade co acordo de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local de 05/08/2022.

Resulta preceptivo o trámite de fiscalización da proposta por parte da Intervención municipal.

En base ao que antecede, a Mesa de Contratación acorda por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte proposta, previa fiscalización da mesma polo Interventor municipal:

“Primeiro.- Excluír á empresa Termocalor Vigo SL ao non ter acreditado a solvencia técnica esixida para participar no procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento do centro de proceso de datos do Concello de Ourense (expediente nº 2022015218).

Segundo.- Autorizar de oficio a devolución a Termocalor Vigo SL, titular do NIF B36771749, do aval depositado na Tesourería Municipal o día 18 de outubro de 2022, con nº de operación: 202200059968, por importe de 425,04 €, en concepto de garantía definitiva para responder das obrigas contraídas pola contratación do servizo de mantemento do centro de proceso de datos do Concello de Ourense, lote 1 (expediente nº 2022015218).

Terceiro.- Autorizar de oficio a devolución a Termocalor Vigo SL, titular do NIF B36771749, do aval depositado na Tesourería Municipal o día 18 de outubro de 2022, con nº de operación: 202200059969, por importe de 550,62 €, en concepto de garantía definitiva para responder das obrigas contraídas pola contratación do servizo de mantemento do centro de proceso de datos do Concello de Ourense, lote 2 (expediente nº 2022015218).

Cuarto.- Declarar desertos os lotes 1 e 2 do contrato do servizo de mantemento do centro de proceso de datos do Concello de Ourense (expediente nº 2022015218), ao non existir ningunha oferta admisible.

Quinto.- Adjudicar a Econocom Servicios SA, titular do NIF A28816379, o lote 3 do contrato do servizo de mantemento do centro de proceso de datos do Concello de Ourense (expediente nº





2022015218), de acordo co prego técnico e o prego de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local e as ofertas presentadas, por resultar a oferta coa mellor relación calidade-prezo, por un prezo anual de 1.800,00 €, de principal, e 378,00 €, en concepto de IVE, para un total de 2.178,00 €.

Aplicación orzamentaria	Nº operación fase A	2023	Nº operación fase A	2024	Nº operación fase A	2025
120.9202.22611	202200036572	1.089,00 €	202200036574	2.178,00 €	202200036575	1.089,00 €

Sexto.- Adxudicar a SMG Iberia, SL, titular do NIF B15730286, o lote 4 do contrato do servizo de mantemento do centro de proceso de datos do Concello de Ourense (expediente nº 2022015218), de acordo co prego técnico e o prego de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local e as ofertas presentadas, por resultar a oferta coa mellor relación calidade-prezo, por un prezo anual de 796,00 €, de principal, e 167,16 €, en concepto de IVE, para un total de 963,16 €.

Aplicación orzamentaria	Nº operación fase A	2023	Nº operación fase A	2024
120.9202.22611	202200036576	963,16 €	202200036577	963,16 €

Sétimo.- Dar traslado á Tesourería municipal dos acordos precedentes aos efectos contables oportunos”.

Réxime de recurso: Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso ou acción que se estime procedente.

Non habendo rogos nin preguntas, a presidencia dá por concluído o acto.

A presente acta formalízase coa consideración de documento administrativo público aos efectos do previsto no artigo 26 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sendo asinada sen unidade de acto polas partes mediante firma electrónica ao abeiro do previsto no artigo 10 do mesmo texto legal.

Ourense, na data da sinatura electrónica.

